# ACTIVIDADES PREVIAS

## ACTUALIZACIÓN DO PERFIL PERSOAL

Para actualizar o teu perfil persoal segue estes pasos:

- Fai clic en **Participantes** e pincha no teu nome.




- Logo selecciona a pestana "**Editar perfil".**




- Escribe os teus **datos persoais**: nome, apelidos, enderezo de correo electrónico, cidade, país, idioma e unha breve descrición da túa función docente (centro, alumnado, etapa ou ciclo...) e/ou outros aspectos que consideres de interese.



- Fai clic no botón **Mostra avanzada** para acceder ás opcións que che permitirán configurar a cantidade de mensaxes e o modo en que os vas recibir no teu correo electrónico.

- Desde aquí podes habilitar a túa conta de correo, configurando a recepción das mensaxes dos foros do curso, deshabilitala para non recibir mensaxes, rastrexar e subscribirte aos foros ou ben deshabilitar estas opcións, etc.




- Segue editando o teu perfil cargando unha imaxe:




- Despois de premer en "Mostra avanzada"podes seguir completando datos opcionais.




## PARTICIPACIÓN NOS FOROS

O nome dos foros cambiará en función das distintas actividades, módulos ou ferramentas.

O foro de **Novas** servirá para comunicar novidades e anunciosque poidan ir xurdindo ao longo do curso.

O foro **Presentación de participantes do curso** é un foro xeral onde entrarás en contacto co profesorado titor e tamén cos compañeiros e compañeiras do curso. Será a primeira forma de contacto onde comezaremos a coñecernos. Recorda que é unha actividade obrigatoria á que debes acceder nestes primeiros días.




- Fai clic na icona e entrarás nunha pantalla que che facilitará a túa participación no foro. Abrirase un editor de texto onde poderás escribir a túa mensaxe.






Se despegas a pestana tes a opción de recibir ou non notificación de novas mensaxes no teu correo electrónico. Elixe a opción que queiras.




Logo non te olvides de facer clic en “Enviar para o foro”.




Logo fai clic en “Responder”




Se queres engadir un novo tema: “Engadir novo tema de discusión” e para contestar facer clic en “Responder”.

Para cada módulo e/ou aplicacións que traballaremos abriremos os seus  foros específicos, onde engadiremos  os seus correspondentes temas de discusión.

Recordade que a participación nos foros é obrigatoria. A finalidade é a de compartir o traballo e axudar ao resto do profesorado coas nosas respostas, aportacións e suxerencias.